



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

Expediente núm.:

Procedemento: Plan Económico Financeiro

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

ÍNDICE

SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNOSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

- Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos
- Análise das principais variables financeiras
- Conclusións e causas de incumprimento

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2025-2026

- Obxectivos
- Proxección de ingresos e gastos sen medidas
- Medidas
- Proxección de resultados
- Proxección de variables financeiras
- Conclusións



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNÓSTICO ECONÓMICO-FINANCIERO

• **Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos**

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica deste Concello analízanse os datos de liquidación dos 3 exercicios económicos anteriores, que son 2022, 2023 e 2024, xa que a análise do tres últimos anos permite obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron ao incumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

A.1 INGRESOS.

A.1.1 Totais.

Cap .	Denominación	LIQUIDACIÓN N 2022	LIQUIDACIÓN 2023		LIQUIDACIÓN 2024	
		Valor	Valor	Variación	Valor	Variación
1	Impostos directos	1.010.415,88	987.234,31	-2,29%	982.997,53	-0,43%
2	Impostos indirectos	102.098,87	142.550,41	39,62%	174.085,54	22,12%
3	Taxas e outros ingresos	489.189,16	442.441,89	-9,56%	478.489,94	8,15%
4	Transferencias correntes	1.819.997,83	2.161.503,11	18,76%	2.262.650,03	4,68%
5	Ingresos patrimoniais	9.697,17	27.925,90	187,98%	132.385,31	374,06%
6	Alleamento de investimentos					
7	Transferencias de capital	526.632,38	810.768,03	53,95%	238.770,75	-70,55%
8	Activos financeiros					
9	Pasivos financeiros	125.958,58	-	-100%	927,43	N/A
TOTAIS		4.083.989,87	4.572.423,65	11,96%	4.269.379,10	-6,63%

Os capítulos 2 e 4 presentan un crecemento sostido, que fai prever un novo aumento no presente exercicio. O capítulo 5 aumentou no 2024 con carácter excepcional, sendo previsible que volva a niveis próximos aos do 2023 nos próximos exercicios.

Por último, o capítulo 7 varía dependendo das desviacións de financiamento. Non se



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

realizan investimentos con fondos propios, senón que tan só son acometidos aqueles cun financiamento total ou case total, procedente de subvencións outorgadas por outras Administracións Públicas ou por medio de fondos europeos.

A.1 GASTOS.

Cap .	Denominación	LIQUIDACIÓN 2022		LIQUIDACIÓN 2023		LIQUIDACIÓN 2024	
		Valor	%	Valor	%	Valor	%
1	Gastos de persoal	1.752.275,92	40,33	1.972.435,17	45,80	2.130.552,41	45,76
2	Compra de bens e servizos	1.170.563,35	26,94	1.077.096,62	25,01	1.232.150,38	26,46
3	Gastos financeiros	4.208,05	0,1	8.914,42	0,21	12.155,70	0,26
4	Transferencias correntes	357.921,02	8,24	346.688,61	8,05	627.482,80	13,48
6	Investimentos reais	882.799,28	20,32	801.405,96	18,61	652.690,26	14,02
7	Transferencias de capital						
8	Activos financeiros						
9	Pasivos financeiros	176.903,79	4,07	99.798,10	2,32	927,43	0,02
TOTALS		4.344.671,41		4.306.338,88		4.655.958,98	

Hai un incremento sostido dos gastos de persoal, debido en boa medida ás actualizacións salariais. Tamén é sostido o dos gastos financeiros.

O máis salientable, como se pode observar, é que no exercicio 2024 se produce unha abrupta subida das transferencias correntes, polo aumento dos custos do servizo de recollida e tratamento de residuos, que presta a Mancomunidade Serra do Barbanza, da que é membro este Concello. Ditos custos practicamente se duplican, o que xera unha importante tensión orzamentaria.

• Análise das principais variables financeiras

Para completar o estudo da estrutura económica deste Concello analízase a evolución das principais variables financeiras nos 3 últimos exercicios liquidados, 2022, 2023 e 2024.

B.1 Remanente de Tesouraría

	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023		LIQUIDACIÓN 2024	
Remanente de tesouraría abreviado	Valor	Valor	Variaci	Valor	Varia



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

			ón		ción
+ Debedores pendentes de cobro	2.109.001,20	1.966.483,69	-6,76%	1.813.013,49	-7,80%
+ Do orzamento corrente	721.611,34	935.883,77		504.595,51	
+ De orzamentos pechados	1.386.131,32	1.029.341,38		1.307.159,44	
+ Doutras operacións non orzamentarias	1.258,54	1.258,54		1.258,54	
- Ingresos realizados pendentes de aplicación definitiva					
- Acredores pendentes de pago	277.639,55	669.639,61	114,19%	507.763,26	-24,17%
+ Do orzamento corrente	141.218,80	55.796,46		154.624,41	
+ De orzamentos pechados	35.591,62	33.297,68		22.841,24	
+ Doutras operacións non orzamentarias	100.829,13	580.545,47		330.297,61	
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	38.048,98	34.923,16		7.055,09	
+ Fondos líquidos de Tesouraría	105.871,37	911.485,92	760,94%	544.367,96	-40,28%
= REMANENTE DE TESOURARÍA	1.975.282,00	2.243.253,16	13,57%	1.856.673,28	-17,23%
- Saldo de dubidoso cobro	455.196,44	371.367,20		654.310,20	
- Exceso de financiamento afectado	1.469.752,12	795.374,10		582.554,59	
= REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	50.333,44	1.076.511,86	2.038,73%	619.808,49	-42,42%

O Remanente de Tesouraría é un indicador da liquidez da entidade. Cando mostra valores positivos é un excedente financeiro acumulado dispoñible para financiar gastos de exercicios futuros.

Non se utilizou remanente de tesouraría para levar a cabo financiamento, agás o afectado.

B.2 Aforro Neto

AFORRO NETO	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024	LIQUIDACIÓN 2012
ING I a V	3.431.398,91	3.761.655,62	4.030.608,35	
GTOS I, II, IV	3.280.760,29	3.396.220,4	3.990.185,59	
Obrigações financ. remanente liq. de	0	0	0	



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

tesouraría

ANUALIDADE TEÓRICA	176.903,79	99.798,10	927,43

Aforro bruto:

$$4.030.608,35 - 3.990.185,59 = 40.422,76 \text{ €}$$

Aforro neto:

Obtense, segundo o TRLRFL, restando ao aforro bruto unha anualidade teórica de amortización das operacións proxectadas e xa concertadas.

Para calcular a Amortización da Débeda (AT), sumamos as obrigacións recoñecidas nos capítulos 3 e 9:

Gastos Financeiros (Capítulo 3): 12.155,70 €

Pasivos Financeiros (Capítulo 9): 927,43 €

Total AT = 12.155,70 + 927,43 = 13.083,13 €

$$40.422,76 \text{ €} - 13.083,13 \text{ €} = \underline{27.339,63 \text{ €}}.$$

B.3 Carga Financeira

CARGA FINANCEIRA	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
Carga financeira (capítulo III + IX)	181.111,84 €	108.712,52 €	13.083,13 €
ING I a V	3.431.398,91 €	3.761.655,62 €	4.030.608,35 €
	5,28%	2,89 %	0,32 %

A carga financeira do Municipio foi minorando, de 181.111,84 € durante 2022, un 5,28% dos ingresos correntes, a 13.083,13 € e 0,32%, sempre por debaixo do límite legal do 25% dos ingresos correntes.

B.4 Endebedamento



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

- Débeda financeira

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, enténdese por sostibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ó establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación que o artigo 13 da LOEOSF realiza do principio de sostibilidade financeira se materializa na obriga para as entidades locais de non superar un límite para a débeda pública.

O volume de débeda viva a 31/12/2024, a efectos de determinar o límite de endebedamento desta Entidade, arroxa o seguinte resultado:

PRÉSTAMO	DESCRICIÓN	CAPITAL PRÉSTAMO	CAPITAL PENDENTE
2015 / 1 / 11	PLAN DE AHORRO E INVERSIONES 2015 (PAI) DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	172.648,6	172.648,6
2016 / 1 / PAI16	PAI DEPUTACIÓN 2016	151.997,5	151.997,5
2017 / 1 / OBRAS	POS + 2017 OBRAS	85.999,99 €	85.999,99 €
2017 / 1 / PAI 17	PAI 2017	74.853,16	74.853,16
2018 / 1 / OBRAS	POS + 2018 OBRAS	84.965,80 €	84.965,80 €
2018 / 1 / PAI 18	PLAN UNICO DEPUTACIÓN POS 2018 PARA REDUCCIÓN ENDEBEDAMENTO CAS ENTIDADES FINANCEIRAS	81.279,61	81.279,61
2019 / 1 / PAI 19	PLAN ÚNICO DEPUTACIÓN POS 2019 PARA REDUCCIÓN ENDEBEDAMENTO CAS ENTIDADES FINANCEIRAS	91.904,93	91.904,93
2019 / 1 / PAI19O	PRÉSTAMO PARA SANEAMENTO E PLUVIAIS CAPILLA O PINDO, 2019	38.962	38.962
2020 / 1 / OBRAS	POS + 2020 OBRAS	76.648,37 €	76.648,37 €
2020 / 1 / PAI 20	PLAN PROVINCIAL POS + 2020 REDUCCIÓN DO ENDEBEDAMENTO CON ENTIDADES FINANCEIRAS	54.000	54.000
2022 / 1 / PAI 22	PLAN PROVINCIAL POS, REDUCCIÓN DO ENDEBEDAMENTO CON ENTIDADES FINANCEIRAS	11.116,16	11.116,16



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

2024 / 2 / ABANCA	DISPOSICIÓN OPERACIÓN TESOURERÍA ABANCA 2024	200.000	200.000
TOTAL			1.124.376,12 €

De conformidade coa normativa vixente, os ingresos correntes a considerar a efectos de determinar o límite de débeda desta Entidade, serían os seguintes: 4.030.608,35 €.

$1.124.376,12 / 4.030.608,35 = 27,89\%$.

Restando a operación de tesouraría, o importe final da débeda sería 924.376,12 €, un 22,93%.

Por tanto, a porcentaxe de débeda viva desta entidade é de 22,93%, inferior ao límite de débeda situado no 75% dos recursos ordinarios liquidados no exercicio anterior.

- **Débeda comercial:**

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade da débeda comercial que o período medio de pagamento aos provedores (PMP), non supere o prazo máximo de 30 días previsto na normativa sobre morosidade.

Entidad	Ratio Operacións Pagadas (días)	Importe Pagos Realizados (euros)	Ratio Operacións Pendentes (días)	Importe Pagos Pendentes (euros)	PMP (días)
PMP Global	3,88	404.600,41	0,00	84.046,01	3,21

Este é o período medio de pago correspondente ó derradeiro trimestre do ano 2024, obtido do programa contable municipal, inferior ao establecido na normativa sobre morosidade, polo que se cumpre a sostibilidade da débeda comercial.

B.5 Estabilidade Orzamentaria

DRN Caps. 1 a 7 de Ingresos	4.269.379,10 €
ORN Caps. 1 a 7 de gastos	4.655.031,55 €
Saldo non financeiro antes de axustes	-385.652,45 €
Axuste por recadación ingresos Cap. 3	-4.289,37
Axuste conta 401	7.316,55



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

Axuste conta 413	16.260,13
CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-366.365,14 €

O municipio presentou inestabilidade orzamentaria por importe 366.365,14 €.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

A razón fundamental é a incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado.

B.6 Regra de Gasto

CAP 1 A 7 - 3	4.642.875,85 €
FONDOS FINALISTAS	- 1.635.154,49 €
GASTOS PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO	- 16.260,13 €
TOTAL GASTO COMPUTABLE 2024	2.991.461,23 €
TOTAL GASTO COMPUTABLE 2023	2.416.283,16 €
LÍMITE DO GASTO COMPUTABLE 2024 (Gasto computable N-1 x 2,6%)	2.479.106,52 €

O municipio presentou un gasto computable de 2.991.461,23 €, o que supón un incumprimento da regra do gasto por importe de 512.354,71 €.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais foi necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Este incumprimento da regra do gasto que se produciu no exercicio 2024 é debido fundamentalmente á insuficiencia recadatoria da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos.

C. Conclusións Estrutura Económica



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

1. Variables económicas:

- a. Estado da liquidación de ingresos: 4.269.379,10 €.
- b. Estado da liquidación de gastos: 4.655.958,98 €.
- c. Remanente de Tesouraría: 1.856.673,28 €.
- d. Aforro Neto: 27.339,63 €.
- e. Carga financeira: 13.083,13 €.
- f. Endebedamento: 924.376,12 €.
- g. Estabilidade Orzamentaria: -366.365,14 €.
- h. Regra do gasto: -512.354,71 €.

2. Causas do incumprimento:

2.1. Estabilidade orzamentaria. A principal causa de incumprimento foi o financiamento de inversións con remanente de tesouraría afectado. De poder minorar a súa contía sobre o gasto computable de 2024 e sobre as obrigacións recoñecidas netas, cumpríriase sobradamente a estabilidade orzamentaria.

En relación ao financiamento de gastos nun determinado exercicio con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado, a IGAE contestou á asociación "COSITAL NETWORK" que A Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local considera que neste caso non procede efectuar ningún axuste na Regra do Gasto, de xeito que os gastos así financiados se consideran gasto computable a tódolos efectos. Tamén considera neste caso, que *"El remanente de tesorería, aun cuando se configura contablemente como un activo financiero, su naturaleza se identificaría con el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio como consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado como fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo."*

En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto."



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

En relación coas medidas a adoptar, na mesma contestación, a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local indica que *“Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita.”* Tamén pon de manifesto que *“Sobre la base de lo expuesto, cabe afirmar que la recuperación de los objetivos de estabilidad presupuestaria y, en su caso, de la regla de gasto, incumplidos por la utilización del remanente de tesorería afectado se lograría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna dada la naturaleza del remanente de tesorería afectado en el ámbito de la Administración local. En ese contexto, la entidad local deberá elaborar y aprobar un plan económico financiero que se podrá limitar a exponer el origen del desequilibrio en términos de contabilidad nacional y a recoger aquella medida.”*

2.2. Regra de gasto. Entre as razóns deste incumprimento, hai un claro factor desestabilizante: a subida dos gastos do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. As obrigacións recoñecidas ascenderon a 581.730,27 €, mentres que os dereitos recoñecidos supuxeron 250.994,56 €.

O seguinte cadro pode dar unha mellor imaxe da cuestión:

LIQUIDACIÓN	DEREITOS RECOÑECIDOS	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS
2019	241.480,59 €	334.369,45 €
2020	236.612,79 €	307.690,57 €
2021	251.573,89 €	324.106,86 €
2022	251.421,72 €	294.642,60 €
2023	249.611,08 €	324.106,86 €
2024	250.994,56 €	581.730,27 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

Como se pode comprobar, os dereitos recoñecidos se mantiveron estables, mentres que as obrigacións recoñecidas se multiplicaron neste último exercicio. A media das obrigacións recoñecidas dos exercicios 2019-2023 é de 316.983,27 €, 264.747,00 € menos que o gasto de 2024, e que o previsible no presente e próximos exercicios.

O Servizo é xestionado por unha Mancomunidade da que forma parte o Concello, xunto a outros cinco, con tres concellos clientes. Se ben non se cubría o custo deste nos exercicios anteriores, a diferenza era asumible. Todo cambia co aumento dos custos no ano 2024.

A realidade é que os abonos mensuais á entidade supramunicipal pasaron dun importe de 29.464,26 € a 51.541,47 € no pasado exercicio. Ou, dito doutro xeito, de 353.571,12 € anuais a 618.497,64 €.

A problemática reside en que aínda non se levaron a cabo, na Mancomunidade, os trámites para obter a necesaria seguridade xurídica á hora de confirmar os importes precisos, e en consecuencia poder aumentar a taxa aos niveis que presuntamente se darán, algo que resulta necesario non só pola non sustentabilidade do déficit, senón tamén pola obriga que impón a Lei 7/2022, de cubrir os gastos coa recadación da taxa.

En todo caso, tamén debe destacarse, pola súa relevancia, a evolución do gasto corrente nos últimos catro exercicios. Desde a liquidación de 2021, se ben o gasto total aumenta, o gasto computable ten unha liña descendente ata o último exercicio, no que se dispara o gasto computable. Trátase dunha situación provocada pola obtención de subvencións que, en conxunto, elevaron notablemente os fondos recibidos doutras Administracións para fins concretos, en relación aos exercicios anteriores.

Nestas táboas pode verse a evolución do gasto, e como penaliza o feito de que en 2022 e 2023 baixa substancialmente o gasto computable respecto a 2021, debido a recepción de máis transferencias doutras Administracións Públicas, que provocaron que o gasto computable se reducise na mesma medida:

Año 2024			Año 2023	
CAP.	GASTO	G. computable	GASTO	Gasto computable
1	2.130.552,41 €	1.525.896,98 €	1.972.749,07 €	1.393.730,34 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

2	1.232.150,38 €	937.482,41 €	1.077.096,62 €	691.372,43 €
3	12.155,70 €	12.155,70 €	8.914,42 €	8.914,42 €
4	627.482,80 €	506.591,66 €	346.688,61 €	240.754,75 €
TOT.	4.002.341,29 €	2.982.126,75 €	3.405.448,72 €	2.334.771,94 €

Año 2022			Año 2021	
CAP.	GASTO	Gasto computable	GASTO	Gasto computable
1	1.752.275,92 €	1.247.969,90 €	1.741.761,44 €	1.414.009,98 €
2	1.170.563,35 €	935.775,62 €	1.021.892,23 €	770.055,40 €
3	4.208,05 €	4.208,05 €	3.556,95 €	3.556,95 €
4	357.921,02 €	291.638,63 €	416.092,61 €	402.448,19 €
TOT.	3.284.968,34 €	2.479.592,20 €	3.183.303,23 €	2.590.070,52 €

2.3. Outros indicadores. Tal e como vemos nos anteditos datos, a situación económica do Concello é saudable en termos xerais. Todos os indicadores son positivos. Así, o resultado orzamentario é positivo, cóntase con remanente de tesouraría para gastos xerais (que non é utilizado para financiamento), o aforro neto é positivo e a débeda, que comezou a ser esixida recentemente, mantense unicamente coa Deputación da Coruña, é baixa e está sendo satisfeita con deducións no Plan de Obras e Servizos de carácter provincial.

2.4. Conclusións. Só a necesidade de financiamento e o incumprimento da regra de gasto resultaron negativas entre todas as magnitudes. Estimamos que, cunhas mínimas medidas, poderase corrixir a situación no horizonte deste ano e o seguinte.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2025-2026

A. Obxectivos.

A liquidación do último ano do orzamento deste Concello puxo de manifesto unha necesidade de financiamento, pola incorporación de remanente de tesourería afectado para o financiamento de investimentos de obrigada incorporación.

Así mesmo, houbo un aumento do gasto computable superior ao límite establecido, polo elevado aumento dos custos da recollida de residuos sólidos urbanos, servizo que presta a Mancomunidade Serra do Barbanza, da que é membro o Concello.

Por iso, os obxectivos do Plan económico-financeiro buscan equilibrar e estabilizar a institución en 2026, dando cumprimento ao establecido na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

B. Proxección de ingresos e gastos SEN medidas.

A través da proxección das cifras de previsión de liquidación de ingresos e gastos para o exercicio corrente e o seguinte sen tomar ningún tipo de medida correctora, determínanse e cuantifican as causas que provocan os mencionados incumprimentos, determinadas pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Orde HAP/2105/2012.

B.1 Ingresos SEN medidas:

CAPÍTULO	INGRESOS	LIQUIDACIÓN 2025	LIQUIDACIÓN 2026
1	Impostos directos	1.116.919,07 €	1.126.919,07 €
2	Impostos indirectos	222.600,00 €	232.600,00 €
3	Taxas e outros ingresos	554.575,00 €	554.575,00 €
4	Transferencias correntes	2.453.043,21 €	2.473.403,21 €
5	Ingresos patrimoniais	67.721,00 €	77.721,00 €
6	Alleamento de investimentos	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	591.826,07 €	591.826,07 €
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

TOTAIS	5.006.684,35 €	5.056.684,35 €
--------	----------------	----------------

Os ingresos do municipio proxéctanse para 2025 e 2026, tendo en conta:

- Mantemento dos tipos impositivos vixentes, con evolución da recadación constante.
- Estímase un pequeno aumento nas transferencias correntes, pola labor política de busca de novas achegas e por evolución esperada da PIE e do Fondo de Cooperación Local.
- As transferencias de capital mantéñense constantes, pois dependen de plans de financiamento externos (POS+ e outras subvencións xa previstas). Non se sabe con certeza cales serán as inversións a incluír, polo que se manteñen os importes.
- Os ingresos patrimoniais redúcense respecto a 2024 (ano excepcional), pero evolucionan de 2025 a 2026, principalmente polo previsible aumento do canon anual do servizo de abastecemento de auga.

B.2 Gastos SEN medidas:

CAPÍTULO	GASTOS	LIQUIDACIÓN 2025	LIQUIDACIÓN 2026
1	Gastos de persoal	2.252.910,00 €	2.297.968,20 €
2	Compra de bens e servizos	1.349.983,02 €	1.299.983,02 €
3	Gastos financeiros	12.000,10 €	12.000,10 €
4	Transferencias correntes	656.510,00 €	656.510,00 €
5	Fondo de Continxencia	0,00 €	0,00 €
6	Investimentos reais	617.687,62 €	617.687,62 €
7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €
9	Pasivos financeiros	117.593,61 €	117.593,61 €
TOTAIS		5.006.684,35 €	5.001.842,45 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

Os gastos proxéctanse considerando:

- Leve incremento (2%) en Cap. 1 (persoal) polo aumento da antigüidade do persoal e posibles revisións salariais.
- Contención no Cap. 2, reducindo 50.000 € debido a un gasto extraordinaria en 2025 que non terá reflexo no exercicio seguinte.
- Cap. 4 (transferencias correntes) mantense estable tras o forte incremento de 2024 derivado do servizo de recollida de residuos.
- O Cap. 6 recolle os investimentos xa previstos no anexo de investimentos.
- Cabe destacar que a contención pode observarse no total de gastos. Sen o inicio da amortización da débeda coa Deputación provincial, que veu marcado por esta despois de anos de aprazamento (e que non supón esforzo económico, ao ser financiado cun aumento da asignación do POS), o total sería de 4.890.090,74 € (se o gasto do capítulo 9 fose o mesmo que o do exercicio anterior).

C. Medidas.

C.1 De ingresos:

No que respecta ao orzamento de gastos do Municipio, tómanse as seguintes medidas:

2025

En xeral, contención do gasto e revisión en profundidade do orzamento, detectando anomalías, eliminando erros que se veñen arrastrando exercicio tras exercicio, redimensionando gastos e ingresos, que se atopaban artificialmente aumentados froito deses erros, e en xeral acercando as contas á realidade económica do Concello. Ademais, cabe destacar como medidas:

- **Capítulo 4**, Transferencias correntes: Xestión activa para solicitar convenios coas Administracións Autonómica e Provincial, que permitan reducir o gasto computable mediante a aplicación dos fondos obtidos.
- **Capítulo 5**, Ingresos patrimoniais: Revisión dos contratos vixentes, e análise da posibilidade de levar a cabo novas concesións e alugueiros.

2026

- **Capítulo 3**, Taxas e outros ingresos: incrementar a taxa do lixo, polo menos para cubrir o custo indiscutido, logrando uns ingresos adicionais do redor de 100.000 €. A situación óptima sería que a Mancomunidade acordase finalmente unha actualización das cotas, e de acordo a elas e os seus estudos económicos, poder aumentala uns 370.000 €, dando cumprimento ao establecido na Lei 7/2022.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

Outros ámbitos onde se buscará perfeccionar os procedementos é na detección de infraccións, tributarias e non tributarias, aumentando a eficiencia. Condicionado aos recursos humanos dos que dispón o Concello.

- **Capítulo 4**, Transferencias correntes: Continuarase coa xestión activa para obter novas subvencións, que permitan reducir o gasto computable.
- **Capítulo 5**, Ingresos patrimoniais: Continuación da política de busca de novos ingresos derivados das propiedades patrimoniais don Concello.

C.2 De gastos:

No que respecta ao orzamento de gastos do Municipio, tómanse as seguintes medidas, ademais das xa indicadas no punto C.1:

- **Cap. 1 (Persoal)**: En 2025 decláranse non dispoñibles 49.000 €, correspondentes a 11 mensualidades dunha praza de policía local, cuxo titular está en comisión de servizos. Se fose necesario, serían declarados non dispoñibles máis créditos neste capítulo, existindo marxe entre o orzamentado (prevendo subidas salariais por mandato legal ou antigüidade, contratacións, etc.) e o que pode ser gastado como mínimo.
- **Cap. 2 (Bens e servizos)**: Estase a traballar en novas licitacións de servizos de telefonía, combustibles ou seguros, entre outros, que permitan acadar mellores prezos por volume, racionalizando o gasto. Así mesmo, buscarase reducir os importes gastados en traballos técnicos, aumentando a participación dos servizos técnicos municipais en máis contratos (redacción de máis proxectos, direccións de obra, etc.)
- **Cap. 6 (Investimentos)**: Como en exercicios anteriores, non se farán obras directamente con recursos propios, utilizando estes unicamente para completar o financiamento recibido doutras Administracións Públicas.

D. Proxección de resultados

A través da proxección das cifras de previsión de liquidación de ingresos e gastos para o exercicio corrente e o seguinte incluíndo os efectos económicos das medidas correctoras expostas, verifícase o cumprimento dos obxectivos fixados pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Orde HAP/2105/2012.

D.1 Ingresos CON medidas:

CAPÍTULO	INGRESOS	LIQUIDACIÓN 2025	LIQUIDACIÓN 2026
1	Impostos directos	1.116.919,07 €	1.126.919,07 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

2	Impostos indirectos	222.600,00 €	232.600,00 €
3	Taxas e outros ingresos	554.575,00 €	654.575,00 €
4	Transferencias correntes	2.453.043,21 €	2.473.403,21 €
5	Ingresos patrimoniais	67.721,00 €	77.721,00 €
6	Alleamento de investimentos	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	591.826,07 €	591.826,07 €
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €
TOTALS		5.006.684,35 €	5.157.044,35 €

Como vemos, os ingresos liquidados en 2025 son iguais que os da táboa sen medidas, porque non se pode adoptar a principal medida, a subida da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, e as outras xa se están a desenvolver.

Non obstante, o Orzamento foi confeccionado tendo en conta o cumprimento das regras fiscais realizando, como dicíamos, unha revisión exhaustiva aplicación por aplicación.

En 2026, sen embargo, entraría en vigor a modificación da mencionada taxa, que se ve reflectida nun aumento do capítulo 3. O importe engadido parte da base de que non se chegará a un acordo para que se poda levar a cabo a suba necesaria e obrigada, se ben se estima que será suficiente para continuar a senda iniciada en 2025.

D.2 Gastos CON medidas:

CAPÍTULO	GASTOS	LIQUIDACIÓN 2025	LIQUIDACIÓN 2026
1	Gastos de persoal	2.252.910,00 €	2.297.968,20 €
2	Compra de bens e servizos	1.349.983,02 €	1.299.983,02 €
3	Gastos financeiros	12.000,10 €	12.000,10 €
4	Transferencias correntes	656.510,00 €	656.510,00 €
5	Fondo de Continxencia	0,00 €	0,00 €
6	Investimentos reais	617.687,62 €	617.687,62 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	6
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	8
				,
				2
9	Pasivos financeiros	117.593,61 €	117.593,61 €	0
				€
TOTAIS		5.006.684,35 €	5.001.842,45 €	

Tanto en 2025 como 2026, continuarase a política de contención, eliminando así mesmo gastos extraordinarios producidos por sentencias xudiciais no exercicio 2026. En xeral, o Orzamento 2025 foi realizado co obxectivo de cumprir as regulacións, agardándose que sexa suficiente a revisión en profundidade realizada.

E. Proxección de variables financeiras.

Para completar as proxeccións do Plan económico-financeiro deste Concello analízase a evolución proxectada das principais variables financeiras nos anos de vixencia do mesmo, 2025 e 2026.

E.1 Remanente de Tesouraría:

REMANENTE DE TESOURARÍA ABREVIADO	EXERCICIO 2025	EXERCICIO 2026
A) DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	2.048.730,93 €	1.991.807,33 €
B) ACREDITORES PENDENTES DE PAGO	459.150,02 €	478.548,11 €
C) FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURARÍA	305.017,54 €	269.685,70 €
D) REMANENTE DE TESOURARÍA	1.894.598,45 €	1.809.944,92 €
Saldo de dubidoso cobro	407.089,34 €	471.990,79 €
Exceso de financiamento afectado	1.146.177,20 €	998.464,50 €
E) REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	341.331,91 €	339.489,63 €
% SOBRE INGRESOS CORRENTES	7,52%	7,21%

Para os cálculos, obtívose a media das catro liquidacións anteriores a cada exercicio. No caso dos fondos líquidos, excluíronse as operacións de tesouraría vixentes a 31 de



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

decembro de 2023 e 2024.

E.2 Aforro Neto:

AFORRO NETO	EXERCICIO 2025	EXERCICIO 2026	LIQUIDACIÓN 2012
ING I a V	4.414.858,28 €	4.565.218,28 €	
GTOS I, II, IV	4.259.403,02 €	4.254.461,22 €	
Obrigacións financ. remanente liq. de tesouraría	0,00 €	0,00 €	
ANUALIDADE TEÓRICA	129.593,71 €	129.593,71 €	
	25.861,55 €	181.163,35 €	

O Concello, tras as medidas adoptadas, seguirá presentando aforro neto positivo nos exercicios 2025 e 2026. Sería igualmente positivo sen a adopción de medidas.

E.3 Carga Financeira:

CARGA FINANCEIRA	EXERCICIO 2025	EXERCICIO 2026
Carga financeira (capítulo III + IX)	129.593,71 €	129.593,71 €
ING I a V	4.414.858,28 €	4.565.218,28 €
	2,94%	2,84%

A carga financeira do Municipio seguirá a ser baixa nos exercicios 2025 e 2026, cun 2,94% e un 2,84% respectivamente, sempre por debaixo do límite legal do 25% dos ingresos correntes.

E.4 Endebedamento:

o Débeda financeira:

O volume de débeda viva a 31/12/2025, a efectos de determinar o límite de endebedamento desta Entidade, sería de 806.792,51 €, e a 31/12/2026 de 689.208,90 €.

Por tanto, a porcentaxe de débeda viva desta entidade sería:



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

2025: 806.792,51 €/4.537.133,17 € = 17,78%

2026: 689.208,90 €/4.706.133,17 € = 14,64%

Inferior, nos dous exercicios, ao límite de débeda situado no 75% dos recursos ordinarios liquidados no exercicio anterior.

o Débeda comercial:

Año	Ratio pagadas (días)	Importe pagado (€)	Ratio pendientes (días)	Importe pendiente (€)	PMP resultante
2025	4,5	350 000	6,0	100 000	≈ 5,0 días
2026	4,0	360 000	6,0	90 000	≈ 5,0 días

Proxéctase manter o Período Medio de Pago por debaixo de 10 días. En 2025 establécese un PMP de 5,0 días (ratio de operacións pagadas 4,5 días; pendentes 6 días). No 2026 mantense o mesmo obxectivo (5,0 días) coa lixeira redución do importe pendente a 90 000 €. Estas cifras aseguran o cumprimento da LOEPSF e a normativa de morosidade.

E.5 Estabilidade Orzamentaria:

2025

CONCEPTOS	IMPORTES (€)
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	5.006.684,35 €
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	4.889.090,74 €
TOTAL (a - b)	117.593,61 €
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-6.701,52 €
2) Axustes recadación capítulo 2	0 €
3) Axustes recadación capítulo 3	-8.651,37 €
8) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	-29.170,28 €
9) Axuste por inexecución	-5.834,94 €
c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7)	4.991.331,46 €
d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 7, 8, 9)	4.854.085,52 €
e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (c-d)	137.245,94 €

Para os axustes se utilizan as medias calculadas no informe de intervención do expediente



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

de aprobación do Orzamento para o ano 2025.

2026

CONCEPTOS	IMPORTES (€)
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	5.157.044,35 €
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	4.884.248,84 €
TOTAL (a - b)	272.795,51 €
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-6.761,52 €
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00 €
3) Axustes recadación capítulo 3	-10.211,37 €
8) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	919,40 €
c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7)	5.140.071,46 €
d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 7, 8, 9)	4.885.168,24 €
e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (c-d)	254.903,22 €

Para os axustes foron utilizados as porcentaxes das **liquidacións 2022, 2023 e 2024**.

Ambos os dous datos, sen ter en conta as posibles desviacións de financiamento polas incorporacións de remanente de tesouraría afectado.

E.6 Regra de Gasto:

	2025	2026
CAP 1 A 7 - 3	4.877.090,64 €	4.872.148,84 €
FONDOS FINALISTAS	-1.738.941,57 €	-1.748.941,57 €
GASTOS PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO	-29.170,28 €	919,40 €
NON DISPOÑIBLE	-49.000,00 €	- €
TOTAL GASTO COMPUTABLE	3.059.978,79 €	3.124.126,67 €
TOTAL GASTO COMPUTABLE n-1	2.991.461,23 €	3.059.978,79 €
LÍMITE DO GASTO COMPUTABLE (Gasto computable N-1 x 3,2% en	3.087.187,99 €	3.160.958,09 €



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

2025 y x 3,3% en 2026)		
CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO	27.209,20 €	36.831,42 €

- Gastos financiados con fondos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas 2025:

a) Gastos correntes: Dos 4.271.403,12 € iniciais, 1.264.700 son subvencións finalistas (do importe do POS, 117.583,61 € son desconto dos préstamos de Deputación, polo que o importe total de achegas finalista para gastos correntes é de 1.147.116,39 €).

b) Inversións: Os créditos iniciais ascenden a 617.687,62 €. De acordo aos coeficientes de financiamento recollidos no anexo de inversións, o Concello deberá aportar 25.862,44 €, polo que este sería o previsible gasto computable do capítulo 6, e tendo que axustar por importe de 591.825,18 €, que se sumarían aos de gasto corrente.

- Gastos financiados con fondos finalistas procedentes doutras Administracións Públicas 2026:

a) Gastos correntes: Dos 4.266.461,32 €, 1.274.700 € serían financiados por subvencións finalistas, que hai que restar para o cálculo (supoñemos que aumenta en 10.360 € a participación nos tributos doutras Administracións, e 10.000 € os fondos finalistas).

b) Inversións: O mesmo importe que en 2025.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, nas Entidades Locais faise necesaria a realización de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En 2025, produciríase capacidade de financiamento de **27.209,20 €**, mentres que en 2026 sería de 36.831,42 €.

F. Conclusións do Plan Económico-Financeiro.

Analizadas as causas do incumprimento que levaron á necesidade de aprobar este Plan Económico-Financeiro, tal e como se detalla no presente Plan, as medidas adoptadas garanten o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto nos exercicios 2025 e 2026.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE